

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-12

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre compartir coche para aforrar. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

COMPARTIR COCHE PARA AFORRAR

Un novo xeito de aforrar nestes tempos é o de compartir coche para desprazamentos de tipo laboral ou persoal. Xa existe en moitos países, de feito ata ten un nome en inglés, *carpolling*, que significa “compartir coche”, e non é outra cousa que combinar con outra persoa que faga a mesma ruta e compartir gastos para desprazarse. Para iso xa existen lugares en internet onde a xente pode buscar persoas coas que compartir os gastos no transporte para o lecer ou para o traballo. Só cómpre poñer un anuncio no que expliques a túa dispoñibilidade, os teus horarios e como queres compartir, só con gastos ou compartir o teu coche.



Así, Marisol, profesora nun colexio da Estrada, comparte coche dende hai anos cos compañeiros á hora de ir traballar: “É moi simple, a principio de curso os profesores interesados poñémonos de acordo para compartir coche, por exemplo, este ano somos doce profesores, co cal hai doce coches que poden viaxar, despois facemos un horario en función das horas ás que entramos cada un á clase, e así obtemos unha relación de coches e persoas que poden viaxar xuntas. Por exemplo, eu este ano só teño que levar o coche dúas veces á semana durante dúas semanas e as outras dúas teño que levalo tres veces, co cal, movo o coche só dez días ao mes dos vinte que traballo, e iso é xusto a metade de gastos de gasolina e de coche. Ademais, sempre é máis cómodo que te leven. Eu estou encantada, con isto aforro case 150 euros ao mes.”.

Pero non só para ir ao traballo se pode atopar xente con quen compartir coche, tamén para facer viaxes puntuais de fin de semana se pode coñecer xente con quen compartir. Deste xeito, Miguel, que vive en Burela e ten unha moza en Vigo, procurou na rede xente que viaxase da Mariña Lucense ás Rías Baixas e atopou a Xurxo, que é de Vigo e traballa no hospital de Burela, co cal entre os dous van combinando os seus coches para viaxar as fins de semana e aforran cartos. Dende que comparten as viaxes, Miguel está encantado: “É que agora vexo que hai meses que podo aforrar case 200 euros. Amais diso, paréceme absurda a idea de que teñamos que empregar un coche por persoa, porque se sabe que o que máis contamina son as accións do cotián, como coller o coche. Aínda que soe a utopía, eu síntome mellor así”.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas. ▪ Como está? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas: Faga un resumo do contido do artigo. ▪ En que consiste este xeito de aforro? ▪ Como fai a muller do texto para conseguir aforrar? ▪ De que lugares se fala no texto?	
3. RELATO	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: nesta parte o candidato debe relatar unha anécdota ou unha historia. O entrevistador escollerá unha das alternativas e diralle ao candidato que faga un relato de aproximadamente 2 minutos. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o tempo aproximado de duración. Se este non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Onde estaba? Que pasou? Con quen? Cando? A opción de relato que se lle dá ao candidato (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción. A. Conte con detalle algunha anécdota que relate algún xeito de compartir algo para aforrar. B. Conte con detalle algunha anécdota que relate o uso de transporte público. C. Conte con detalle algunha anécdota que relate como compartir servizos ou traballos cos seus compañeiros de traballo ou de estudos.	

4. INTERACCIÓN
4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- O lugar no que vostede vive permítelle facer intercambios deste tipo? Por que?
- Que é o que máis lle gusta do intercambio de coches? E o que menos?
- Vostede faría un intercambio deste tipo? Por que?
- Cre vostede que, co paso do tempo, é máis difícil que a xente sexa máis solidaria e que comparta os servizos?
- (Se procede) Pensa vostede que existen diferenzas para desprazarse entre as cidades/vilas/aldeas galegas e as do seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

- Antes existía este ou outro tipo de intercambios?
- Ten vostede algún recordo especial relacionado coa axuda entre persoas?
- Cre que na actualidade a xente é máis ou menos egoísta?
- Pensa que ás persoas só as motivan as cuestións económicas?
- (Se procede) Pensa vostede que existen diferenzas entre as axudas entre as persoas en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Vostede precisa do uso de transporte público na súa vida diaria?
- Que beneficios cre que pode ter compartir coche, ademais dos económicos?
- Parécelle que en Galicia existe unha rede de transporte público axeitada?
- Considera que o transporte privado actualmente é un luxo?
- (Se procede) Pensa vostede que existen diferenzas entre os medios de transporte de Galicia e os do seu lugar de orixe?